

---

## **PREGUNTA ESCRITA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A PEREGRINACIÓN EUROPEA DA XUVENTUDE-PEJ2022**

Do 3 ao 7 de agosto celébrase en Compostela a Peregrinación Europea de Mozos (PEJ2022), organizada pola Conferencia Episcopal Española e a Arquidiocese de Santiago. No encontro participan, segundo os datos facilitados pola propia organización, máis de 11.000 mozos e mozas chegados de diferentes puntos de España e de Europa. Tamén segundo a organización, estes peregrinos están acompañados por 430 voluntarios que se encargan de cuestións de loxística e mesmo da atención de emerxencias.

No dossier de prensa distribuído polos organizadores da PEJ 2022 sinálase que os participantes neste encontro chegarían a Santiago nos días previos a través de once rutas de peregrinación distintas “para evitar aglomeracións”. Aínda así, na última semana foron moitas as imaxes difundidas a través das redes sociais que demostran que esas aglomeracións producíronse, causando numerosas molestias á veciñanza de diferentes barrios de Compostela.

Durante os días de celebración da PEJ, está previsto que os máis de 11.000 mozos e mozas participen en actividades que se van desenvolver en diferentes puntos da cidade. Ademais dos actos máis masivos no Obradoiro e no Monte do Gozo, anúncianse outros cinco espazos “de animación musical e evanxelización” na propia praza do Obradoiro, en Cervantes, na Alameda, no Campiño de San Francisco e na praza de Mazarelos.

Parte dos 11.000 participantes na Peregrinación Europea de Mozos está aloxada nos 11 pavillóns municipais que o Goberno local acordou cederlle ao Arcebispado, segundo o acordo da Xunta de Goberno do pasado 1 de agosto: Lorenzo de la Torre, Fontiñas, Vite, Restollal, Pontepedriña, CEIP Pío XII, CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Quiroga Palacios, CEIP Monte dos Postes, CEIP Vite I e CEIP Lamas de Abade.

Por todo o anterior, Marta Lois González, portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago, presenta as seguintes preguntas para a súa **RESPOSTA POR ESCRITO**:

- **Que papel tivo o Concello de Santiago na organización da chegada dos máis de 11.000 participantes na Peregrinación Europea de Mozos, que persoal municipal**

participou activamente nos traballos de coordinación previos e en colaboración con que outras administracións ou entidades?

- Que dispositivos se puxeron en marcha para garantir a seguridade e a convivencia e coa participación de que persoal dependente do Concello? Que directrices se lle transmitiron á organización do evento con ese mesmo obxectivo?
- Tendo en conta a magnitude da peregrinación e que nas imaxes difundidas a través das redes sociais se observan mesmo rúas co tránsito interrompido polos peregrinos, realizouse algunha tramitación previa de permisos de ocupación da vía pública para a chegada dos mozos e mozas? De non ser así, realizouse algunha identificación por parte da Policía Local como tén acontecido recentemente noutras actividades de moito menor impacto, ou tramitouse algunha sanción ao respecto?
- A Peregrinación Europea de Mozos supón a celebración de actividades en diferentes espazos públicos durante catro días. Tramitáronse os correspondentes permisos de ocupación da vía pública e en que condicións?
- Que dispositivos especiais se puxeron en marcha para garantir a protección do patrimonio durante a chegada masiva de peregrinos? Tendo en conta as imaxes difundidas nas redes sociais (persoas subidas a fontes, escalando a fachada do Pazo de Raxoi, etc), realizouse algunha identificación ou tramitouse algunha sanción ao respecto?

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2022



Marta Lois González

GRUPO MUNICIPAL

Portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta